



Vicerreitoría do
Campus de Pontevedra
Universidade de Vigo



Acta Comité Ambiental
Green Campus
21/7/2016

Anexo: Lista de Asistentes

O Vicerreitor procede á apertura da reunión, ás 10:05 hs., mencionado as desculpas de asistencia de D. Roman Lago, María Martínez Abrales, Marina Núñez, Lucrecia López Rubianes, Benedicto Soto, Fernando Suárez, Cándido Portela, Paulo Fontán e dando a benvida aos asistentes. O vicerreitor indica que Silvia García, Decana de Belas Artes, atópase en situación de baixa médica. Aproveita para desexarlle unha pronta recuperación.

1. Aprobación da acta da xuntanza do Comité Ambiental do 24 de abril de 2015

A acta foi remitida aos membros do Comité ambiental como documentación adxunta. Apróbase por unanimidade.

2. Informe do Reitor

- O Vicerreitor refire os avances producidos no Programa Green Campus dende a xuntanza do 24 de abril de 2015.
- En primeiro lugar, apunta que se realizou a solicitude formal da bandeira verde presentada o 31 de xullo de 2015 de conformidade co procedemento e as indicacións de ADEAC. A resposta á solicitude foi favorable e isto deu lugar á concesión da bandeira verde por parte do Jurado Nacional para España del programa Green Campus. A Vicerreitoría recibiu comunicación oficial o 21 de outubro de 2015. Despois, tivo lugar a preparación do Acto de colocación da bandeira verde que celebrado o 19 novembro de 2015 no Campus da Xunqueira. Alude a que os membros do Comité foran convidados e agradece a presenza naquel acto.
- En segundo lugar, menciona que os esforzos principais encamiñáronse á implementación o I Plano de acción Green Campus 15-16 do que se vai presentar un breve informe de situación de seguido. Resalta que somos o primeiro Campus español que recibe esta distinción, xunto con dúas Facultades da UDC. Destaca o impacto mediático que tivo o programa, así como certas accións (por exemplo, as Semanas de Recollida de RAEEs) que motivaron a realización de entrevistas. Isto contribúe a aumentar a presenza do Campus e da UVigo na contorna.

- En terceiro lugar, nesta mesma liña, outras institucións universitarias interesaronse polo marcha do Programa Green Campus. Así, mantiveronse contactos coa profa. Mafalda Nunes da Área Técnico-científica da Saúde Ambiental da Escola Superior de Tecnología da Saúde do Instituto Politécnico do Porto e coa alumna Chiara Pellegrino (becaria Erasmus Prácticas na UVIGO procedente da Universidade de Turín) realizou un traballo sobre a sostibilidade daUVIGO, sensibilización ambiental da comunidade universitaria e a relación entre os estudantes e o medio ambiente.
- En cuarto lugar, subliña a necesidade de incrementar a participación e implicación dos colectivos da Comunidade Universitaria (PDI, PAS e alumnado). Trátase dun aspecto relevante para ADEAC e pide un esforzo nesta liña a todos.
- Por último, o Vicerreitor agradece a todos os integrantes a implicación e colaboración no Programa Green Campus porque non tería sido posible acadar estes pequenos logros que permiten manter vivo o compromiso asumido ao participar no Programa Green Campus.

3. Informe de execución do I Plano de acción 15-16

O Vicerreitor pasa a palabra ao Director da Área de Planificación do Campus, Celso Cancela, para que informe..

O Director comeza dando o seu agradecemento a todos porque sen esa colaboración e axuda non teríamos avanzado. Indica que en xeral, as actividades e accións realizadas cubren todos os 8 obxectivos propostos no I Plano de acción 15-16. Aproximadamente, un 75% das accións foron realizadas (40 accións realizadas). A continuación refire algunhas en concreto:

- Reelaboración da web institucional para dar cabida a diverso material Green Campus
- Axardinamento da parcela 1 e construción dun parque (en execución)
- Plantación de árbores na Facultade de Ciencias da Educación para construír una barreira forestal e reducir a temperatura interior do edificio grazas ao sombreamento
- Instalación de gas natural no Campus e en concreto execución da obras de adaptación das caldeiras nas Facultades de Sociais e Educación (a próxima será BBAA)
- Retirada das acacias na zona da Facultade de Ciencias Sociais por estaren afectadas por fungos e por seren especies invasoras. Plantación de tres liquiambares onde indicaron os técnicos
- Construción do carril bici e conexión coa rede municipal
- Colocación de aparcabicis (72 postos) en colaboración do Concello de Pontevedra
- Celebración da I semana (18 mayo de 2015) e II Semana de recollida de RAEES (1-5 de febreiro de 2016)
- Redución de consumo eléctrico mediante substitución de luminarias por led e colocación de detectores de presenza.
- Control e monitorización de consumos de agua mediante sistema de telemetría
- Elaboración do Plano de accesibilidade dos centros (entrega e presentación o 10 decembro de 2015)
- Construción e colocación de caixas niño nos talleres da Escola de Forestais (agradecemento especial a Juan Picos e Luis Torres) e grabación dun video que está en youtube coa colaboración dos alumnos de Comunicación Audiovisual (Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, (agradecemento aos Profs. Xabier Rolán e Paulino Pérez).

- Proxección de documentais sobre temática medioambiental para alumnos de secundaria seguido dun breve comentario do prof. Juan Picos
- Elaboración dun catálogo de flora do Campus.
- Elaboración de tacos de notas con papel reciclado

Algunhas accións están en execución e son de inminente lanzamento

- Campaña de mobilidade verde (promoción do transporte público e da bici)
- Exposición fotográfica “Onde pisas? De xunqueira a Campus”.

Outras accións realizáronse parcialmente

- Mellora das frecuencias do transporte ferroviario. Leváronse cabo xestións con Adif e Renfe para a mellora das frecuencias do apeadoiro Pontevedra-universidade, pero non fructificaron.
- Xestión co Ministerio de Fomento, en concreto, Unidade de Estradas de Pontevedra, para a colocación dunha barreira acústica na Avda. de Compostela. Por agora, logrouse que ese tramo da estrada N-550 fose incluída no mapa acústico como zona de actuación.
- Impulso do voluntariado ambiental (Asociación Vai polo río)
- Colaboración co Concello de Pontevedra, (refírese a xuntanza mantida co concelleiro Demetrio Gómez no mes de xuño)

Gonzalo Sancho de Vai polo río interven para indicar que a Asociación ten interese en manter a colaboración coa Universidade de Vigo. Juan Picos explica que son conscientes da relevancia da colaboración e apunta que no mes de setembro, en coincidencia co inicio do curso académico 16-17, contactará con Vai polo río para acometer accións conxuntas.

4. Aprobación, se procede, do II Plano de acción 2016-2017 do Programa Green Campus

Toma a palabra o Director da Área de Planificación do Campus para indicar como foi o proceso de elaboración do II Plano de acción 16-17.

A metodoloxía empregada foi a do programa Green campus que no paso 3 prevé a elaboración dun plano de acción. Seguíuse unha lóxica participativa pois, na súa versión final, tomará en consideración as aportacións feitas polas comisións ambientais de cada Centro e as os membros desta comisión. Agradecemento as comisións de cada centro pola súa colaboración as súas achegas.

Tamén se mantivo un estreito contacto e diálogo con ADEAC sometendo as primeiras versións á consideración técnica de ADEAC.

Subliña que se trata dun documento aberto confeccionado con criterios de pragmatismo e realismo tomando en consideración recursos como prazos de execución. Cada acción ten un responsable/s, prazos estimativos de realización e evidencia cuantitativas ou cualitativas. Mantéñense os obxectivos prioritarios e a coherencia entre obxectivos e accións específicas. Mantéñense algunhas accións que se estima deben ter continuidade pola súa natureza e implantanse novas actividades, en particular, as propostas polos centros e a vicerreitoría.

O número total de accións previstas é de 48, o que supón unha rebaixa respecto do I Plano.

O obxectivo 7 “Participación, sensibilización e voluntariado ambiental” concentra 18 accións. Importa destacar que implicación dos centros na elaboración.

Javier Rial interven para indicar que a acción de fomento do uso das escaleiras resulta de interese para o Servizo de Deportes. Tamén interesa a implicación dos usuarios das instalacións

deportivas para que aforren nos consumos de auga e electricidade. Dispoñen de material elaborado por unha empresa que trata de concienciar aos usuarios sobre as implicacións do mal uso destes recursos.

O Vicerreitor intervén para apuntar que en breve, xa se porá en marcha un taller de reutilización de bicis (Green Bike). As bicis reparadas serán empregadas para a Rede axuda mediante a súa donación e para as conserxerías dos centros. Tamén refire unha acción no marco da Semana de mobilidade europea 2016 que se desenvolverá a comezo do curso 16-17. Estas accións contribúen a darlle visibilidade ao Campus.

Aprobouse o II Plano de acción 2016-17 por unanimidade

5. Rolda de intervencións

Antonia Blanco interven para indicar que no futuro III Plano habería que recoller experiencias e organizar un acto (xornada) para fomentar a participación doutros universidades. Trataríase de trasladar o que se está a facer na UVigo a outras institucións universitarias.

Lourdes Maceiras alude a necesidade de traballar en e funcionar en rede.

Juan Picos propón a elaboración de material en inglés para que sexa utilizado polos alumnos que realicen intercambio con outras universidade como presentación do programa Green campus.

Javier Rial menciona como posible contacto de la UVigo la Red Española de Universidades Saludables.

Finalmente, o prof. Lois González interven para comunicar que deixa o Comité ambiental por mor da súa xubilación.

Remata a sesión ás 11:20 hs.

Pontevedra, 21 de xullo de 2016

Juan Picos Martín
Secretario do Comité Ambiental Green Campus